

Descubrimentos e inventos

Observa, le e aprende.

- Pensaches algunha vez como sería a nosa vida se non se inventaran algunhas das máquinas que utilizamos cada día? E se non se descubriran o lume ou a electricidade?
- Pensa como conservariamos os alimentos sen o frigorífico, como viaxariamos sen coche ou como nos comunicariamos sen Internet...
- Ao longo da historia, as persoas fixeron grandes descubrimentos. Algúns son moi antigos, como o **lume**, a **roda** ou o **papel**. Outros, algo máis recentes, como a **electricidade**.



- Coa electricidade chegaron moitos avances tecnolóxicos que produciron grandes cambios na vida das persoas, facilitando moito a vida diaria. As **comunicacións** son un exemplo destes grandes avances.



- O **telégrafo** enviaba mensaxes de texto codificadas. Na actualidade, a través de **Internet** podemos enviar mensaxes ao momento e realizar vídeo-chamadas.




- 1** Risca o intruso de cada grupo. Debuxa outro máis e coloréaos todos.

**Inventos que melloraron
a comunicación**



**Inventos que melloraron
as tarefas domésticas**



- 2** En grupos, elixide algún dos descubrimentos antigos (o lume, a roda, o papel...) e buscade información. Despois, facede un mural no que recollades as vosas investigacións e explicades como era a vida das persoas antes do seu descubrimento e como mellorou despois.

